

# Promoción de Eventos en Linked Data

SINSALAUDIO - Liña A - PR519A - 2011- 885

Spica - Liña B - PR519A - 2011- 904

O promotor do proxecto, SINSALAUDIO, xunto co socio tecnolóxico, SPICA, van a desenvolver un Sistema de **difusión e promoción de eventos** mediante a iniciativa **Linked Data**. En concreto se realizarán as seguintes tarefas:

- Desenvolvemento dun modelo de datos semántico normalizado para a descrición de eventos, novas e promoción de artistas e grupos musicais a través da Rede.
- Creación dun repositorio público, seguindo as directrices marcadas polo proxecto Linked Data, que permita a publicación desta información na rede.
- Desenvolvemento dunha ferramenta web para a xestión da información almacenada no repositorio indicado no punto anterior.
- Enriquecemento da información ofrecida a través do deseño de diferentes algoritmos heurísticos e o establecemento de ligazóns automatizadas con outros repositorios Linked Data dispoñibles na rede.



## BENEFICIARIOS/AS

- I. **OS PROMOTORES:** ao poder dirixir información persoalizada a determinados perfís de usuarios.
- II. **OS/AS USUARIOS/AS FINAIS:** ao recibir información correcta, sen duplicidades e acorde ao seu perfil.

Tamén se debe remarcar a importancia desta iniciativa, describindo o valor:

- I. **Estratéxico:** por beneficiar a súa liña principal de negocio, a promoción de eventos.
- II. **Innovador:** por empregar tecnoloxías semánticas.
- III. **Referencia:** por empregar estándares e normas de ampla aceptación internacional como os principios Linked Data.

## Participantes:



FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO  
REGIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"



Universidade de Vigo

